

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 10 DE SETEMBRO DE 2014**

A C T A

Ás 13:15 horas do día indicado reúnense na sala reservada de e-meeting do máster os membros reseñados a continuación:

Asistentes (4):

Beatriz Comendador Rey, Natalia Caparrini Marín, Mercedes Solla Carracelas, M^a Beatriz Vaquero Díaz.

Escusan a súa asistencia (3): Pedro Arias Sánchez, Fernando Carrera Ramírez, Cristina Montojo Santos.



ORDE DO DÍA:

1. Informe da coordinadora.

A coordinadora informa sobre os seguintes asuntos:

Inicio de curso e a boa marcha da matrícula cun total de 12 matriculados e 18 preinscritos.

Realización dunha primeira sesión de presentación para o alumnado que tivo lugar o día 3 de setembro. Propón repetila coa presenza dos coordinadores de módulos unha vez que finalice o prazo de matrícula e se conte coas listas definitivas de admitidos/as.



Inicio, unha vez acabe o prazo de matrícula, do Plan de Acción Titorial coa designación de titores para o alumnado do máster, que deben ser profesores da titulación.

Anuncia que nos vindeiros días remitirá un correo electrónico ao profesorado do máster solicitando as súas propostas para elaborar o listado xeral de bens culturais que servirán de base aos estudos de caso das distintas materias.

2. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 09/07/2014, e da sesión extraordinaria do 17/07/2014.

Apróbase por asentemento as actas das sesións de 09/07/2014 e 17/07/2014.

3. Estado da matrícula e preinscrición no máster e aprobación, se procede, do listado provisional de admitidos/excluídos e da ampliación do período de matrícula.

Apróbase por asentemento o listado provisional de admitidos/excluídos no máster en *Valoración, Xestión e protección do Patrimonio Cultural* no segundo período de matrícula nos cupos de matrícula ordinaria e formación continua (ANEXO 1).

Apróbase por asentemento a ampliación do período de matrícula se non se cubren as 20 prazas unha vez finalizado o segundo período de matrícula.

4. Aprobación se procede, do regulamento de prácticas do máster.


Apróbase por asentemento o regulamento de prácticas do máster (ANEXO 2).

Apróbase tamén por asentemento as seguintes correccións ao regulamento a proposta da Prof^a Natalia Caparrini:


- remisión por correo electrónico á Secretaría do Máster de todos os impresos e anexos nos que non sexa necesario entregar os orixinais.
- incluír unha ligazón aos impresos oficiais que se citan.

5. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACIÓN,
GESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

ADENDA Á ORDE DO DÍA: Elección do novo representante da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia na Comisión Académica do Máster en substitución do Prof. Fernando Carrera.

Apróbase por asentemento a elección do Prof. Álvaro Arizaga como novo representante da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia na Comisión Académica do Máster, e despide ao anterior representante o Prof. Fernando Carrera.

Sen máis remata a sesión

Ourense, a 10 de setembro de 2014.

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria


Asdo. Mª Beatriz Vaquero Díaz

DILIXENCIA


Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 07-10-2014.

A Secretaria,

Mª Beatriz Vaquero Díaz



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACION,
GESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

ANEXO 1: Listado de admitidos/excluídos no máster en *Valoración, Xestión e protección do Patrimonio Cultural* no segundo período de matrícula.



lista_admitidos_mas
ter HTCO3_2014_09_

ANEXO 2: Regulamento de prácticas de máster.



Reglamento_Practi
cas_Externas_HTCO3



Reglamento_Practic
as_Externas_HTCO3.